

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 15 DE OUTUBRO DO 2007.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día quince de outubro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 8 de Outubro do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Visto o escrito de **Don Fernando Gómez Rodríguez**, na representación de Broker Ribavi S.L., con domicilio na rúa Portal del Rey nº 20, baixo, Vitoria (Alava), no que solicita licencia de ocupación do edificio sito na rúa do Carballiño nº 52 e a recepción das obras de urbanización impostas pola licencia concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20-03-2000.

Considerando os informes favorables de Aqualia, empresa concesioaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Ribadavia, a documentación xustificativa presentada pola dirección de obra , a documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.-** Recepcionar por parte do Concello as obras de urbanización, de acordo coa documentación técnica obrante no expediente.

**SEGUNDO:-** Desestimar a concesión da licencia de ocupación do inmovible referenciado ata que se produza a visita de comprobación do edificio por parte do técnico municipal.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 29 de setembro pasado, adxudicando a obra denominada “Mellora do Saneamento e reconstrución de muro en Esposende” a empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, por importe de 41.903,01 euros”.

-“Da Dirección Xeral do Deporte, Resolución concedendo subvención para acondicionamento do ximnasio por importe de 25.000 euros”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA.-**

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 51 e 52 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co acordo plenario de 28 de xuño de 2007, polo que se delega a competencia da contratación de operacións de tesourería na Xunta de Goberno Local cando, pola súa cuantía, excedan dos límites de competencia da Alcaldía-Presidencia, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

### **A C O R D O**

Concertar coa Entidade Financiera : Banco de Credito Local, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses + 0,09%.

b) Comisión de apertura: 0%.

c) Comisión de non disponibilidad: 0%.

d) Prazo: Un ano.

e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

